


semana santa

v i v e i r o
2 0 2 4



DECLARADA DE INTERÉS TURÍSTICO INTERNACIONAL



LA SANTA
SEMANA
VIVEIRO

www.semanasanta.com

Cartel anunciador de la Semana Santa de Viveiro, 2024
Foto: Dani Caxete



Fotografías: 1 Toño Goás, 2 Juan Ocaña, 3 Andrés Basanta, 4 Toño Goás, 5 Rafa Rivera, 6 José Miguel Soto, 7 Rafa Rivera, 8 Andrés Basanta, 9 Toño Goás, 10 Rafa Rivera



SUMARIO 2024

| | |
|---|---|
| 5 Dedicatoria | 66 100 años de la colocación del Altar Mayor de la Iglesia parroquial de Santiago en San Francisco |
| 7 In memoriam | 68 Hemeroteca |
| 9 Saluda presidente Xunta de Galicia Alfonso Rueda Valenzuela | Novedades y Actividades |
| 11 Saluda alcaldesa de Viveiro María Loureiro García | 71 Cofradía de la Misericordia |
| 13 Saluda obispo Mondoñedo-Ferrol Fernando García Cadiñanos | 73 Hermandad de Mujeres de la Santa Cruz |
| 15 Saluda presidente da Deputación de Lugo José Tomé Roca | 74 Hermandad del Prendimiento |
| 17 Pregón de la Semana Santa 2023 Emilio Xosé Ínsua López | 74 Real Hermandad de las Siete Palabras |
| 35 La Cuaresma, el sueño de Dios Francisco José Prieto Fernández | 76 Adral 2023 |
| 39 Personajes de la Semana Santa de Viveiro / XV: Lucía Rey | 76 Visitas a la Exposición permanente |
| 43 Los evangelios desfilan por Viveiro Ana Vidal Lanza / César Michelena Rivera | 77 II Concurso de Composición marchas procesionales "Blas García Liz" |
| Sección Retrospectiva | 77 Coronación de Nuestra Señora da Xunqueira en Cee (A Coruña) |
| 56 Pregón de la Semana Santa 1995 Francisco Puy Muñoz | 78 Presentaciones editoriales 2023 |
| | 79 Expourense-Xantar 2023 / Fitur 2024 |
| | 80 Silleda-Feria Internacional Abanca Semana Verde |
| | 80 II día de la Red Europea de celebraciones de Semana Santa y Pascua |
| | 81 Restauración del Cristo de la Veracruz de la Venerable Orden Tercera Franciscana |
| | Actos y Celebraciones |

Pregón

AÑO LVII

ÓRGANO DE PROPAGANDA DE LA XUNTA DE COFRADÍAS

NÚMERO L



DEDICATORIA

Varios de los estandartes mas valiosos de nuestra Semana Santa salieron de las manos de las MM Concepcionistas Franciscanas de nuestra ciudad, así mismo una parte importante del patrimonio de las Cofradías es guardado y cuidado con mimo durante todo el año entre los muros del Convento de las Concepcionistas, más recientemente acogieron con todo el cariño y devoción del mundo dos imágenes adquiridas por nuestras Cofradías, La Virgen del Camino de la Luz y Nuestro Padre Jesús Nazareno.

Es por todo ello que la Xunta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro quiere dedicar esta edición del libro-programa *Pregón* a nuestra Hermanas Concepcionistas Franciscanas.



NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA (Francisco Romero Zafra, 2010)
Fotografía: Rafa Rivera

IN MEMORIAM

Un año más queremos recordar desde esta publicación a distintas personas que tanto colaboraron con nuestra Semana Santa y que nos dejaron recientemente.



Carlos Antonio Adrán Goás

Pregonero de la Semana Santa de Viveiro en el año 1985, era un asiduo colaborador de la Xunta de Cofradías, tanto con sus escritos sobre nuestra historia para el libro *Pregón*, como con su labor de comisariado de múltiples exposiciones. Nos queda su legado.



Rvdo. Luis Fole Freire

D. Luis desde su llegada a Viveiro como párroco de Santa María del Campo se involucró totalmente en nuestra Semana Santa, tanto en la Cofradía del Rosario de la cual era el Consiliario, como en la Xunta de Cofradías de la cual formaba parte activa colaborando en todas las actividades.

Las MM. Concepcionistas siempre han velado por el esplendor espiritual y material de nuestra Semana Santa, pues han sido quienes han bordado y confeccionado muchos de los enseres textiles, que siguen cuidando con esmero a día de hoy; hace unos meses que despedíamos a dos de las que más contacto tenían con las cofradías y que fueron las últimas abadesas.

Sor Teresa Val Rouco, con su carácter abierto y afable, siempre preocupada por el más mínimo detalle y por ofrecer su ayuda, y **Sor Francisca Hermida Iglesias**, que abría las puertas de clausura en su oficio de portera y siempre con una sonrisa en su rostro.



También recordamos a **Pablo Mateos Chao**, ex-directivo de la Hermandad del Prendimiento, a **Jesús Blanco Rodríguez**, estrecho colaborador con esta nuestra Semana Santa y a **Jesús del Barrio Rivera** (Barrito) jefe de colla del paso de La Oración en el Huerto.



ACTO DEL DESCENDIMIENTO O «DESENCLAVO»
Fotografía: José Miguel Soto

SAÚDA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA

Presidente da Xunta de Galicia



A Semana Santa de Viveiro está considerada como unha das máis fermosas de Galicia. E son milleiros de persoas, que a temos vivido en primeira liña, as que podemos testemuñar a honestidade desta valoración. Hai emoción, sentimento e fervor compartido —semellante a moitas destas sentidas celebracións— pero son poucas ás veces que se pode ver deste xeito a admiración xustificada que provocan a beleza e a peculiaridade das imaxes que protagonizan as súas procesións.

Estas xoias de gran valor histórico e artístico fan desta representación relixiosa un acontecemento diferenciado e único, tal e como demostra que se teña convertido nun dos principais reclamos turísticos de Viveiro e da Mariña conseguindo, ano tras ano, atraer a miles de visitantes que chegan chamados pola singularidade desta celebración, declarada Festa de Interese Turístico Nacional desde 1988 e de Interese Turístico Internacional desde 2013.

Os galegos e galegas amosamos así como a Marca Galicia lle debe tamén moito á nosa arte sacra e ao noso xeito de coidar e preservar tradicións centenarias de profundo apego e vencellos co pobo. En Galicia vivimos a Semana Santa como unha experiencia compartida chea de sentimento, espectacularidade, pero tamén de enorme e sincero respecto.

E a vosa de Viveiro é un bo exemplo disto; reflicte como somos capaces de manter vivo o amor e orgullo polo noso patrimonio material e inmaterial co ánimo non só de salvagardalo, senón de compartilo e expandilo. Con este ánimo, ampliastes a dimensión da Semana santa, converténdoa nunha cita cultural imperdible e reclamo turístico dentro e fóra de Galicia.

Deste xeito, ao valor patrimonial e cerimonial das súas procesións, engádeselle unha programación cultural axeitada, coidada e con sentidiño con actuacións musicais, exposicións e conferencias ao redor deste valioso legado, pero tamén afondando na etnografía de Viveiro e a súa contorna, merecedora de ser coñecida e recoñecida.

O coidado e implicación de todo o pobo está detrás do encomiable feito de que, desde o século XIII, a Semana Santa de Viveiro se celebre de xeito ininterrompido, converténdose na máis antiga de Galicia. Este logro é resultado do compromiso férreo e constancia con esta celebración de toda a veciñanza en xeral, e da Xunta de Confrarías, en particular.

Por iso, quero aproveitar estas liñas para trasladar a ambos os meus parabéns; é máis que loable como conservastes esta tradición manténdoa non só intacta, senón engrandecéndoa, grazas á dedicación en tempo e afecto de toda a comunidade: carpinteiros, artesáns, costureiras, confrades e penitentes.

Agora só vos queda desfrutar —coa mesma paixón coa que a preparades— a vosa extraordinaria Semana Santa de Viveiro, que con moito traballo, emoción, sentimento e xenerosidade facedes tamén nosa e de todo o mundo.



SANTÍSIMA VIRGEN DE LOS DOLORES (1741)
Fotografía: Rafa Rivera

SAÚDA

MARÍA LOUREIRO GARCÍA

Alcaldesa do Concello de Viveiro



Semella que foi onte cando facíamos balance da Semana Santa do 2023, unha das mellores en moitos anos pola emotividade dos actos, a masiva afluencia de xente nas rúas de Viveiro e o tempo primaveral que nos acompañou.

Con ese bo recordo aínda moi presente na memoria, Viveiro vivirá moi pronto unha nova Semana Santa, os días máis especiais do ano para a nosa vila. Momentos de fé, cultura e tradición.

É para min un orgullo aceptar un ano máis a invitación da Xunta de Cofradías da Semana Santa para participar neste Libro Pregón, unha publicación que se editou por primeira vez en 1947. Este volumen cumpre polo tanto 77 anos, a mellor crónica desta festividade e da historia do noso pobo, grazas ás colaboracións, reportaxes e fotografías que recolle.

Sempre da man da Xunta de Cofradías, desde o concello continuamos durante os últimos 12 meses co traballo de promoción e impulso da Semana Santa de Viveiro, Festa de Interese Turístico Nacional desde 2013 e que cada vez capta un maior interese internacional.

É un orgullo, como alcaldesa de Viveiro, ser testemuña deste interese que hai pola nosa Semana Santa nas feiras turísticas máis importantes de Europa. Cada vez son máis as persoas que chegan desde diferentes países a coñecer esta celebración tan especial.

A Semana Santa de Viveiro é unha das máis antigas da península ibérica, con oito séculos de historia. O seu sentimento relixioso e a súa transcendencia cultural son indiscutibles, pero cada ano demostramos ademais que somos un pobo acoledor e con moito que ofrecer aos milleiros de persoas que nos visitan: paisaxes, natureza, patrimonio e gastronomía.

O Concello de Viveiro participou no pasado mes de outubro na celebración da segunda edición dos “Días da Rede Europea de Celebracións de Semana Santa e Pascua”. Nesta ocasión, e dada a boa acollida da iniciativa no 2023, celebrouse durante quince días.

Trátase dunha iniciativa organizada pola propia Rede Europea de Celebracións de Semana Santa e Pascua, da que forman parte o Concello de Viveiro e a súa Semana Santa, representada na Xunta de Cofradías polas súas tres irmandades, catro cofradías e a venerable Orde Terceira Franciscana.

Unha oportunidade de recuperar parte da esencia da Semana Santa durante o outono. O obxectivo desta Rede Europea é promocionar e difundir o patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, relacionado coas celebracións da Semana Santa e Pascua.

Estou convencida de que cofrades, veciños e turistas gozarán desta Semana Santa 2024, dos tradicionais actos e das cerimoniais relixiosas, así como das numerosas actividades paralelas para desfrutar da nosa vila.

Grazas a todos e a todas!



LA CENA O «LOS APÓSTOLES» (Juan Sarmiento, 1808)

Fotografía: José Miguel Soto



ESTANDARTES DE LAS COFRADÍAS Y HERMANDADES EN EL ATRIO DE SANTA MARÍA
EN LA PROCESIÓN DEL ENCUENTRO DE RESURRECCIÓN

Fotografía: Rafa Rivera

SALUDA

FERNANDO GARCÍA CADIÑANOS

Obispo de Mondoñedo-Ferrol



SIEMPRE ES NUEVO EL AMOR

Este es el título de una conocida canción que se canta en las iglesias: el amor no se repite, el amor no pasa, el amor siempre renueva, el amor hace nuevas todas las cosas porque nos permite ver y vivir con ojos y corazón nuevo... De eso va la Semana Santa que dentro de pocos días nos disponemos a celebrar. Es la fiesta del amor, la semana del Amor auténtico y genuino.

Por eso, siempre es nueva. El tiempo no es una espiral circular que se repite cíclicamente una eterna condena aburrida y sin sentido. Nos lo tenemos que creer: la Semana Santa de este año nunca la hemos vivido aunque creamos que siempre es la misma. El Misterio Pascual se vuelve a actualizar entre nosotros en su total novedad. Su gracia se derramará nuevamente a raudales en nosotros.

La novedad también radica en nosotros, porque somos diferentes y nuestras circunstancias son distintas a las de años anteriores. Pero, sobre todo, la novedad es siempre el amor de Dios que se manifiesta en estos días. Es un amor que es estrenado y ofrecido de nuevo para el que desee acogerlo como buena noticia.

Por eso la Semana Santa siempre es nueva y distinta, aunque repita la tradición y las costumbres de años anteriores. Lo que es nuevo y la hace nueva es la historia de amor que durante ella narramos, de la que hacemos memoria, actualizamos, revivimos. Porque el mensaje que se nos presenta es tan grande que el corazón humano, tan pequeño, es incapaz de asimilarlo y acogerlo: de ahí que necesite toda una vida para contemplarlo, admirarlo, vivirlo.

En la Semana Santa se combina la liturgia y la piedad popular. Ambas van unidas, ambas se enriquecen, ambas caminan de la mano.

- En los templos, durante el Triduo Pascual que concluye con la solemne Vigilia del Sábado Santo, a través de la liturgia, hacemos memoria actual y celebramos el Amor de Dios que se entrega por nosotros para que descubramos y tengamos vida. Es el amor que nos salva, que nos libera, que nos abre un camino de plenitud y de encuentro con Dios.
- En las calles de Viveiro, las cofradías y hermandades, prolongan lo celebrado en el templo. Y lo hacen en esa piedad popular, a través de la belleza y de la música, desfilando y presentando a nuestra sociedad el tesoro y la alegría, la hermosura de encontrar y vivir el proyecto de amor de Dios. Las procesiones y los demás actos de piedad que tienen lugar en nuestra Semana Santa son, fundamentalmente, manifestaciones de una fe sencilla que se proyecta y ocupa el espacio público como primer anuncio del misterio fundamental del cristiano: la muerte y la resurrección de Jesús.

Nuestra Semana Santa viveirense pertenece a nuestra identidad más genuina, forma parte de nuestra alma. No en vano es el foco de interés de tantas personas que acuden anualmente o atraídos por la curiosidad para vivirla entre nosotros. Las Cofradías son las protagonistas durante estos días con sus cortejos y su participación. Es bueno que cuidemos y preservemos el alma que da sentido a las mismas.

En ese sentido me atrevo a pedir, queridos cofrades, que cuidemos juntos algunos aspectos importantes para que no se pervierta lo que celebramos. Velad también por una buena formación; cuidad la fraternidad entre vosotros; esmeraros en vivir una sincera caridad; expresad y alimentad vuestra fe en los sacramentos y en la oración; participad en la vida comunitaria de vuestras parroquias, haciendo que sean comunidades que durante todo el año vivan el misterio que portáis sobre vuestros hombros y que es el que da esperanza y fortaleza en la fragilidad y dureza del camino.

Queridos cofrades: gracias a todos por vuestro compromiso y participación. Cuento con vosotros en la tarea evangelizadora de nuestra Iglesia diocesana. Y a todos los que nos visitáis en estos días, os invito a penetrar en el mensaje que portan nuestros tronos.

Vuestro hermano y amigo



NUESTRO PADRE JESÚS NAZARENO (Francisco Romero Zafra, 2012)
Fotografía: Toño Goás

SAÚDA

JOSÉ TOMÉ ROCA

Presidente da Deputación de Lugo



É un pracer saudar a chegada dunha nova Semana Santa ás rúas e ás igrexas de Viveiro, que se converte nestas datas na porta aberta da Mariña cara o mundo. Esta é unha festa diferente, cargada dun sentido especial polo seu contido relixioso e pola súa relación co noso patrimonio cultural, pero tamén supón, neste século XXI, unha das grandes citas de ocio e lecer familiar.

Como todos os valores que temos na nosa provincia, o éxito da Semana Santa de Viveiro xorde da combinación de moitos factores e do traballo de moita xente; da importancia da arquitectura e dunha imaxinería dun atractivo singular; da variedade da nosa gastronomía e da profesionalidade do sector hostaleiro no seu conxunto.

Neste crisol de traballo e colaboración, ao que dende a Deputación de Lugo tentamos aportar sempre a nosa contribución, destaca de xeito especial o cometido das Confrarías e do conxunto dos veciños e veciñas de Viveiro. Penso sinceramente que son as Confrarías, xunto coa implicación da sociedade viveirense, as que lle dan a esta Semana Santa o carácter especial que a levou a ser declarada Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2013.

Dende a Deputación apostamos sempre por un turismo de experiencias. Por un turismo no que cada quen atope aquilo que máis lle atrae, e o disfrute de vagar, coa familia, cos seus maiores, cos nenos, cos amigos. A provincia de Lugo é un referente nos novos modelos de turismo que reclama o século XXI.

A Semana Santa de Viveiro, que eu convido a celebrar e compartir, é un exemplo de como adaptar as tradicións aos novos tempos, sen que perdan a súa esencia. Podemos xerar prosperidade hoxe aproveitando con intelixencia os tesouros de onte. Por iso, a Semana Santa e o seu éxito internacional é tamén un símbolo da vontade da Mariña de loitar polo seu futuro. Unha forma de dicir, alto e claro, que esta comarca ten todos os recursos para conseguir avances tan importantes como os valores que conserva do seu pasado.

Viveiro e toda A Mariña están cheos de iniciativas e de emprendemento. Só precisan que as administracións as respalden para avanzar cara ese obxectivo común de progreso. A receita é tan sinxela como a desta Semana Santa: traballar xuntos para poder celebrar xuntos.

Grazas un ano máis ás Confrarías polo seu labor, e deséxolles unha moi boa Semana Santa 2024 a todos e todas.



DOLOROSA DEL CONVENTO DE LAS MM CONCEPCIONISTAS FRANCISCANAS (s. XVIII)
Fotografía: Mikel Rivera

PREGÓN 2023

EMILIO XOSÉ ÍNSUA LÓPEZ

Doutor en Filoloxía Galega

TEATRO PASTOR DÍAZ. 1 de Abril de 2023

SALUTACIÓN

Como mandan os canons, debo comezar saudando cordialmente á excelentísima alcaldesa de Viveiro, ás demais autoridades cívicas e representacións institucionais presentes, ao presidente e demais integrantes da Xunta de Confrarías da Semana Santa, aos sacerdotes e membros de todas e cada unha das oito fraternidades sobre as que recae o peso da organización dos diversos actos, cerimonias e desfiles procesionais aos que este Pregón serve de humilde prólogo e, como non, a todos os familiares, veciños e veciñas, amigos e amigas que hoxe arroupades coa vosa presenza este emocionante e solemne evento. Quero agradecer vos sinceramente desde xa a vosa deferencia afectuosa e a vosa escoita atenta.

Como corresponde e de todo corazón, agradezo tamén as palabras de presentación que me acaba de tributar Aurelia Balseiro García, tan xenerosas que incluíron, ben o notariades, moito de cordial e agarimoso esaxero. Hai algúns anos xa que coincidín na Compostela universitaria con aquela moza nada no Vicedo que logo uniu a súa vida ao meu vello compañeiro na Banda Municipal de Música de Viveiro Santi Noriega e que, desde entón, nos vén agasallando aos que queremos sempre coñecer mellor a cultura, a arte e a historia do noso país con magníficos traballos en forma de tratados sobre as pezas máis emblemáticas do ouro prerromano atopadas na Mariña, artigos sobre o pasado do porto de Burela, achegas sobre o pintor viveirense Manuel Bujados ou, dun tempo a esta parte, co coidado e xestión, tan eficaz como profesional, da pléiade de tesouros que encerra nas súas salas o Museo Provincial de Lugo, do que é directora.

Nin que dicir ten, en fin, o moito que me aprace ademais que esteamos reunidos neste fermoso “Teatro Pastor Díaz”, que foi salvado no seu día da picota grazas a outro compañeiro na Banda de Música da miña primeira mocidade, Hernán Naval Parapar, presidente da A. C. Sementeira, e tamén ao daquela conselleiro de Cultura da Xunta, o escritor allaricense Alfredo Conde. O vello “Nemesio”, como o xa desaparecido “Orfeo”, representa para min e para moitos outros viveirenses o noso “Cinema Paradiso” particular, un lugar máxico ao que concorremos cando éramos nenos para vermos aquelas estupendas películas de *Charlotte*, *Tarzán*, *Cantinflas* e tantas outras, grazas ás cales o noso corazón e a nosa imaxinación se fixeron necesariamente máis grandes e, por suposto, felices.



HONRA, PRIVILEXIO E AGASALLO

A miña presenza hoxe nesta tribuna constitúe —son moi consciente— un convite cheo de xenerosidade por parte da Xunta de Confrarías. Un convite que devén para min, por iso mesmo, unha auténtica honra; probablemente, unha das máis grandes que me podería caber tanto pola feliz circunstancia de ter vido ao mundo nesta querida vila de Viveiro como por terlle dedicado á súa historia, aos seus escritores e escritoras, ás súas entidades cívicas e ás súas xentes do común, con maior ou menor acerto que non me corresponde a min xulgar, moitas das páxinas que levo escritas.

A falta doutros méritos para ocupar esta tribuna debería alegar, parafraseando a aquel comediógrafo romano do século II a. de C. chamado Terencio, que *Son viveirense e nada relativo a Viveiro me pode resultar alleo*. Agardo de todo corazón, en todo caso, que o meu discurso non defraude no máis mínimo a confianza depositada en min para esta ocasión e que poida facer boa a diagnose que no seu día expresou o moi estimado sacerdote Antonio Rodríguez Basanta cando sinalou que “para ser un bo pregoeiro da Semana Santa de Viveiro hai que iniciarse case desde neno”. Se tal é o requisito esencial, aínda cabe albergar algunha esperanza de que consiga o meu propósito.

Da mesma maneira, sinto como un auténtico privilexio ver o meu humilde nome sumado a esa listaxe de ilustres pregoeiros que, desde 1974 e coas únicas interrupcións dos anos 1979, 1980, 2020 e 2021 (os dous últimos por mor da pandemia da COVID-19), veñen convertendo este acto nunha oportunidade única de saborear coñecementos, lembranzas, datos e vivencias sobre a nosa Semana Santa. Esta, que viña gozando desde febreiro de 1988 do recoñecemento como Evento de Interese Turístico Nacional e que xa entrou o século XXI fixo un esforzo constante de presentación promocional en numerosas localidades de toda a Península e en feiras como FITUR, engadiu en 2013 a ese título o non menos lóxico de Evento de Interese Turístico Internacional, proxectando así con máis forza aínda a súa existencia e a súa relevancia.

Entre todos eses pregoeiros (permitídemme que particularice algúns, sen menoscabo dos méritos daqueles que deixarei inevitavelmente no tinteiro) atópanse varios dos grandes vultos intelectuais desa liña de pensamento, dese xeito de estar no mundo e desa maneira de sentir a Terra chamada xenericamente *galeguismo* coa que, cos meus particulares matices e preferencias, me sinto totalmente identificado, caso de Ramón Otero Pedraio (1974), Sebastián Martínez-Risco (1975) ou Xosé Filgueira Valverde (1976).

Tamén ocuparon esta mesma tribuna eruditos e cronistas dos que veño aprendendo desde que teño uso de razón e que sementaron en min, por camiños diversos e en momentos diferentes da miña traxectoria, enriquecedoras ansias de investigar as zonas aínda ocultas do noso pretérito e de divulgar os tesouros aínda descoñecidos do noso rico patrimonio literario e xornalístico, como Modesto Pérez Rodríguez (1981), Enrique

Cal Pardo (1983), Carlos Adrán Goás (1985), José Ramón Ónega (1993) ou Carlos Nuevo Cal (2010). A elas hai que sumar varios activistas e divulgadores das mil e unha facetas da nosa cultura colectiva, como José Luís Moar Rivera (1986), Fausto Galdo Fernández (1988) ou a propia Aurelia Balseiro (2022); xornalistas e escritores de talento máis que contrastado, que plasmaron nos seus textos mundos en que o nome, os feitos e as xentes de Viveiro asoman e resplandecen en moitas ocasións con luz propia, como Francisco Leal Ínsua (1982), Gerino Núñez Díaz (1984), Ramón Pernas López (1989), Fernando Güemes Díaz (1990) e Luz Pozo Garza (2012); “veraneantes” que profesan coas súas familias un intenso amor de décadas por este Viveiro que lles resultou sempre aberto e acolledor, como José Cora Rodríguez (1994), Luis de Carlos Bertrán (2018) ou José Manuel González-Páramo (2019); viveirenses forzados profesionalmente á diáspora que nunca estiveron dispostos a deixarse cortar o cordón umbilical de afectos que os ata á vila que os veu nacer e medrar, como Francisco Cal Pardo (1992), Francisco Javier Sampedro Costas (2002), Bernardo López Abadín (2004), Eduardo Lorenzo Pigueiras (2005), José Javier Valdés Moreiras (2007), Antonio Abril Abadín (2011), Emilio José Casariego Vales (2016) e Perfecto Parapar Trasancos (2017); e, finalmente, sacerdotes entregados á cura de almas neste pequeno anaco cantábrico de mundo como José Ferro Martínez (1987) ou o xa citado Antonio Rodríguez Basanta (2009).

Debo aínda engadir que ter recibido este convite como pregoeiro por parte da Xunta de Confrarías vaime permitir o luxo de poder ofrendarlle con todo o agarimo a miña intervención á miña entrañábel mai Marisa, a quen sinto estes días



LAS NEGACIONES DE SAN PEDRO (Antonio Bernal Redondo, 2010/2019)

Fotografía: Saúl Jiménez

inmensamente feliz (e tamén un chisco nerviosa) por poder escoitarme falar desde esta privilexiada tribuna dunha das experiencias que o seu bondadoso corazón de persoa cristiá crente e practicante máis ama e coa que máis se identifica, con entusiasmo realmente contaxioso: a Semana Santa de Viveiro.

INVOCACIÓN AOS “DEUSES LARES”

Foi o xornalista Xosé Trapero Pardo (*Pregón*, 1992), durante un tempo vinculado decisivamente á historia do noso máis que centenario e benquerido semanario *Heraldo de Viveiro*, quen anotou de maneira atinada que na vivencia da Semana Santa moitos viveirenses sumamos á participación máis ou menos directa nos seus preparativos, á contemplación da beleza dos seus pasos, á espectacularidade dos seus desfiles e á solemnidade dos diversos ritos e predicacións que se celebran nela unha perspectiva máis, talvez a máis persoal, íntima e intransferíbel: a de recordarmos e sentirmos con profunda emoción devanceiros, familiares e amigos e amigas que non poden seguir tomando xa parte nesta Semana Maior porque dormen o sono eterno.

Convocados a conmemorar nas rúas estreitas e pinas desta vila dos nosos amores a paixón, morte e resurrección de Cristo para meditar sobre a idea da transcendencia, o destino do ser humano, os valores que rexen a sociedade, os afectos que compartimos, as faltas que cometemos e as penalidades e satisfaccións que nos vai ofrecendo globalmente a vida, somos lexión os individuos que non podemos evitar sentirmos nestes días con especial intensidade esas ausencias.

Acompañándonos no fondo da alma, enchéndonos co seu intenso recordo amantiño, aparecéndonos coma nun soño momentáneo ou unha visión fugaz entre as multitudes que enchen prazas e rúas convocamos de corazón nestas xornadas esa Santa Compañía de seres queridos, bastantes dos cales viviron, amaron, traballaron e morreron, como di a liturxia, na esperanza da resurrección, soñando nos seus derradeiros alentos en poderen sentar á dereita dese Pai Eterno e Bo en quen tanto confiaron mentres fixeron parte deste mundo. Seres que, ademais, non deixaron nunca de practicar connosco, na súa bendita pasaxe por esta terra, o cariño, a acollida, a amabilidade, a tolerancia, a fraternidade e o respecto exquisito en cada unha das ocasións en que cadrou que non pensábamos o mesmo.

Síntome na obriga de verbalizar aquí e agora algunhas desas ausencias que me conmoven especialmente, por estaren recentes; de citar algúns deses *defuntiños* que seguen desde o Alén enviándome dalgún xeito por medio da brisa, das ondas do mar, do canto dos paxaros ou no abrochar de cada nova flor o seu abrazo, as súas ensinanzas, o seu exemplo, tamén o seu *memento mori*.

Falo do meu vello compañeiro nas aulas do instituto Luís Dopico Geada, que nos deixou apenas hai uns días, que amaba como poucos a natureza e a cultura material da nosa Terra e que quixo compartir comigo na adolescencia, nun fraterno

qui pro quo, o pudor dalgúns dos primeiros versos que ambos nos atreviamos entón a escribir; de Néstor Varela García, que antes de nos deixar en 2022 entregou boa parte da súa vida a defender os dereitos dos traballadores e das traballadoras e que practicou exemplarmente o valor da solidariedade, que alguén definiu como a tenrura entre pobos, coas xentes dun país tan vinculado ao noso como é Cuba; do meu colega na directiva inicial do Seminario de Estudos Terra de Viveiro e magnífico fotógrafo da propia Semana Santa, José Manuel Moreno, doutor que tanto ben ten feito a tantas persoas co seu bo saber e quefacer profesional.

E tamén de familiares como meu tío e padriño Pepe, a quen despedín no hospital de Burela con dous chuchos ben grandes para que os puidese compartir con meu pai Emilio no seu reencontro fraterno aló no ceo e así mesmo de meus benqueridísimos sogros Pilar Aviñón Carrera e Emilio González Vázquez, que repousan xuntos no cemiterio de Mondariz e derramaron antes sen taxa o seu cariño sobre min coma un verdadeiro fillo máis, nunha acollida xenerosa e impagábel que perderá no meu corazón ata o meu propio fin...

E non quero deixar sen citar e sen render homenaxe aquí a unha entrañábel amiga e confrade do Rosario, Pepita Díaz Girón, en quen me gustaría simbolizar, pola súa entrega entusiasta, a súa perenne disposición e a súa constante amabilidade, todas aquelas persoas ano tras ano, arrimaron ombreiro para facer da nosa Semana Santa o fenómeno colectivo extraordinario que actualmente é.

UNHA DE TANTAS FAMILIAS

Ata onde alcanza a memoria e o coñecemento, a miña familia extensa, como tantas outras de Viveiro que con igual ou maior dereito poderían enumerar aquí a súa particular “folla de servizos”, vén desde vello colaborando dun xeito ou doutro e poñendo o seu humilde grao de area na celebración da nosa Semana Santa.

Talvez sexa devanceiro noso, non o podo precisar, o Pedro de Ínsoa ou Ínsua citado como pintor e artesán viveirense en varios documentos de comezos do século XVII que rescatou o cronista Juan Donapetry na súa sempre imprescindíbel *Historia de Viveiro y su Concejo* (1953) e que xa mencionara o erudito compostelán Pérez Constanti no seu *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII* (1930).

Aínda que ese Pedro perdeu en 1619 a poxa para realizar o retablo da capela do primitivo convento das Concepcionistas (edificado nesa época por manda testamentaria de María das Alas Pumariño no antigo solar que ocupara a capela de San Martiño de Rúa Cuberta), fora contratado un ano antes para pintar as imaxes e o retablo da igrexa de Santa María de Suegos, traballou no propio 1619 no convento de Valdeflores, resultou logo escollido en 1621 para repintar o retablo da capela do Crucifixo da igrexa parroquial de Santiago de Viveiro, pintou en 1626 as andas para a imaxe procesional do San Roque de San Xulián de Landro-

ve, resultou máis tarde designado en 1630 para pintar e dourar do retablo de Nosa Señora do Rosario da igrexa de Santa Baia de Merille e conseguiu finalmente en 1636, na compañía de seu fillo Antonio, a contrata para facer outro tanto na igrexa parroquial de Santa María de Chavín.

Cabe a posibilidade de pertencer tamén á estirpe da que procedo o mestre de obras Benito Ínsua, citado como responsábel da edificación do templo parroquial de San Xoán de Covas en 1740 nun documento do notario desa época Rodríguez Vizoso que lle serviu ao sacerdote e profesor do Seminario compostelán José Couselo Bouzas para incluílo na monografía *Galicia Artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX* (1933).

Foi devanceiro meu, aquí xa sen ningún xénero de dúbidas, Juan Antonio Ínsua Dorado, *Novenas* (?-1917), directivo da “Sociedad de Obreros”, *armante*, arrendatario do Teatro da vila (o célebre “Caixón dos figos”, situado no mesmo solar que logo ocuparía o “Chipe”, na rúa García Dóriga, ao lado da Porta da Vila) e, como artesán ebanista, construtor de arcadas para as festas de San Roque e de “monumentos” para a Semana Santa. A súa esposa, Antonia López Ponte, era irmá do presbítero e capelán do cárcere municipal viveirense Luís López Ponte, que morreu en 1903.

Juan Antonio e Antonia tiveron varios fillos que resultaron artistas talentosos. Celia Ínsua López (1875-1907) foi toda unha pioneira feminina da fotografía na nosa Terra, mais morreu en agraz. Seu irmao Laureano (1863-1891), emigrante na Arxentina e tamén morto de xeito prematuro por mor da tuberculose, ademais de decorar o citado Teatro e de retratar maxistralmente o médico Díaz Freixo (que foi padriño de medio barrio da Pescadería), pintou a capela do Hospital da Caridade (na rúa Pastor Díaz) e o oratorio da vivenda particular dos irmáns José e Manuel Froilán López Vilar, albaceas testamentarios de Benito Galcerán Mosquera e fundadores en 1903 do benemérito Asilo de Anciáns.

José Ínsua López (1877-1918), máis coñecido polo alcume de *Pepe da Mota*, meu bisavó paterno, foi home de profundas conviccións relixiosas, que asinou en agosto de 1910 un manifesto de “Católicos de Vivero” contra o daquela presidente do goberno José Canalejas e que axudou a fundar na compañía de Fernando Pérez Barreiro, Tomás Galdo, Sampedro Corral, José Casariego Baltar, Antonio Grela Leal, Juan Galdo López, Ramón Canosa Suárez, Manuel e Fidel Moas Mariño, José Núñez Regal, José Serra Ramos, Herminio Jesús Grandío Carballeira, Jesús Eiroá Alvariño, Luís Amat Donapetry e aínda outros as agrupacións locais da Juventud Católica (1913-1915) e da Adoración Nocturna (1916 ata hoxe). Participou por iso mesmo en iniciativas como o recibimento na localidade ao Nuncio papal Monseñor Francisco Ragonessi, en agosto de 1915, e a conmemoración do XXV cabodano do fundador da Adoración Nocturna, o viveirense Luís Trelles Noguerol.

Definido polo sacerdote José Pérez Barreiro (*Pregón*, 1947) como “alma de niño, optimista infracasable, propulsor imprescindible y *factotum* de toda organización artístico-religiosa”, tamén foi *Pepe da Mota* redactor en 1917-1918 dos periódicos católicos e xermanófilos *Pro-Neutralidad* e *La Sirena del Norte*, que dirixiu Fernando Pérez Barreiro, dos que era censor eclesiástico o consiliario Francisco Fraga e nos que publicaron os seus devotos versos o seminarista Justo Núñez Rodríguez (*Gonzalo*), familiar de Gerino e Eligio Núñez e autor do libro *Luciérnagas*; o sacerdote e poeta orixinario de Galdo Marcelino González, que rendeu prematuramente os seus días en México, e mais o sacerdote Leoncio López de las Casas, autor con posterioridade do célebre himno de San Cibrao “Somos do porto alegre...”. Todos eles declarábanse

no editorial de presentación da primeira das cabeceiras citadas, en premonitorio anuncio da ideoloxía que despois deu en chamarse nacional-catolicismo e que definiu tan grandilocuente como falsamente unha parte do desenvolvemento da triste ditadura do xeneral Franco, “creyentes, patriotas y armados caballeros en defensa de la Religión y de la Patria”.

Antes de que o levase a Parca cruel durante o andazo da chamada “gripe” do ano 1918 (cabería dicir, a COVID daquel tempo, que tivo en Viveiro unha afectación tan intensa que colmou o antigo camposanto franciscano e forzou a apertura do actual cemiterio en Altamira), non menos relevancia adquiriu *Pepe da Mota* animando e dirixindo varios cadros de declamación teatrais *amateurs*. O seu gusto pola música e polo *bel canto* fixo que participase en moitas comparsas e rondallas de Antroido, por unha banda, e que cantase solemnemente *motetes* en determinadas cerimoniais relixiosas, por outra. Evocaríao nesa faceta Ramón Canosa na revista *Pregón* de 1947 ao homenaxear as mujerucas de Fontecova, del Pombal, de las Pallaregas, apretujadas en el Cantón de Abajo, la noche del Viernes Santo, con sus cuencos de boj llenos de fiambre en el regazo, esperando el momento de llorar con la Virgen al oír los motetes que *Pepe d’a Mota* le canta a su paso por la esquina de Santiago [...].

Dono dun gabinete fotográfico que era asemade tenda-librería na Avenida de Cervantes (no baixo onde estivo ata hai pouco aberta a tenda de deportes “Cota” rexentada polos seus netos Saleta e Pipo cos seus respectivos cónxuxes, Tarrío e Yeni), onde vendía crucifixos, breviarios, devocionarios, novelas morais e outras publicacións de índole confesional, *Pepe da Mota* realizou nos primeiros anos do século XX varias fermosas fotografías do “Encuentro” na Praza, do “Desencravo” no adro de Santa María, das procesións do “Ecce-Homo” e do “Santo Entero”, dos daquela novos pasos da “Flaxelación” e “María ao Pé da Cruz” e dalgunhas outras celebracións relixiosas e misionais. Boa parte desas fotografías foron máis tarde reproducidas, como é natural, acompañando traballos e artigos na revista *Pregón* da nosa Semana Santa.

Pola mesma época en que o pintor Camilo Díaz Baliño (por encargo de Alfredo Bermúdez de Castro) realizaba os frescos murais sobre a Beata Constanza na cúpula da capela da Misericordia, tamén fixo *Pepe da Mota*, para ilustrar o libro de Xoán Pla Zubiri *A tola de Covas* (1917) unha fermosa toma dese templo, que como é ben sabido foi mandado erixir en 1603 por Rodrigo Alonso Alfeirán e reedificado en 1648 polo seu neto Pedro de Posada Alfeirán. No capítulo XIX da citada obra Pla Zubiri retratou do seguinte xeito a escultura do Ecce-Homo venerada nesa capela:

[...]

Unha probe luz de aceite
alumab’ante os altares,
refrexando pol-os muros
morticeiras craridades.

Mais, anque d’a lampr’acesa
a luz non era brillante,
verse ben alí podía,
de Cristo, a severa imaxen;

aquela efixe imponente
toda cuberta de sangue,
atad’a forte coluna,
de amoratado sembrante,

co’as siés coroadas d’espiñas,
c’o corpo en negras sinales;
efixe pol-a cal sinte

Viveiro unha fé moi grande,
e ante a que acude de cote
n-os seus fondeiros pesares.

Sucedede que cada vez que teño emprendido unha investigación sobre algún tema relacionado co pasado histórico, literario ou social da Terra de Viveiro de outrora tenme acontecido algunha anécdota emotiva relacionada con membros da miña familia. Así, cando investigaba para a redacción da miña tese de doutoramento sobre a vida, obra e traxectoria de Antón Villar Ponte, topeime con noticias sobre o casamento de meus avós paternos Emilio (1911-1950) e Eugenia (?-1960) no Viveiro de 1930. Do mesmo xeito, cando pescudaba na historia do porto onde naceu miña nai Marisa para escribir o libro *Orixes, peripecia e pertinencia do topónimo San Cibrao (Cervo)* (2010), din cunha nova na prensa do naufraxio dun barco no que navegaban meu avó Salustiano López Fanego e meu tío-avó Ramón de Cora fronte á Costa da Morte.

Pois ben, desta volta, remexendo periódicos antigos para coñecer algo máis do xa explicado e sabido sobre o pasado da nosa Semana Santa, tocoume a fortuna de encontrar na derradeira plana de dous exemplares do xornal católico, rexionalista e monárquico coruñés *El Ideal Gallego*, concretamente nos exemplares dos días 24 e 26 de marzo de 1929, dúas instantáneas debidas a meu avó Emilio Ínsua Polo, *Milucho*. Ambas están tiradas na capela da V.O.T. en San Francisco, a vulgar polo pano listado que tapa a parede de fondo e corresponden, unha, ao “Cristo das Caídas” e, outra, á “Virxe Dolorosa”... Talvez non sexa moito pedirlle á Xunta de Confrarías que, cando se publique o texto deste meu pregón na revista da Semana Santa do ano que vén ou noutra que eles estimen oportuno, fagan que unha reprodución desas dúas fotografías tiradas por meu avó paterno poida servir para ilustrar as súas páxinas.

Varios dos fillos e fillas da irmá dese meu avó *Milucho*, Rosario Ínsua Polo (1914-1981) e do seu marido Gonzalo Couceiro Rañal, son, como ben

sabedes, cos seus cónxuxes e cos seus descendentes, persoas de enorme entrega e importancia nos variados traballos de organización, representación e desenvolvemento da nosa Semana Santa... Refírome aos meus familiares Ángel Couceiro Ínsua e Virgina, Gonzalo e Lola, Charí e Pablo Mateos, José Luís (*Pipo*) e Eugenia Díaz (*Yeni*), Saleta e Antonio Tarrío e, por extensión, Acacio e Pili, así como a todos os seus respectivos fillos e fillas, primos segundos meus... Para dous deles quero ter agora unha lembranza especial, emocionada e agarimosa, subliñando que mentres estiveron entre nós en vida tamén contribuíron e participaron activamente nos actos da Semana Santa: Antonio Tarrío Couceiro (*Tompi*) e Javier Mateos Couceiro (*Javi*).

Meu propio pai Emilio Antonio Ínsua García (1938-2016), adorador nocturno e membro daquela Juventud Católica que organizou en maio de 1961 o Congreso Eucarístico de Viveiro, viviu sempre con fervor discreto e recollido, cheo de respecto, profundidade e fe verdadeira, as celebracións da Semana Santa. Da súa agarimosa man e da de Marisa, a miña nai, confrade da Santa Cruz, os tres irmaos que somos, Antón, Uxi e mais eu, acadamos desde nenos á Procesión da Borriquita e á do Ecce-Homo no Domingo de Ramos, ao Vía Crucis de homes, aos Oficios do Xoves Santo, á tradicional visita aos Monumentos, ao Encontro, ao Sermón das Sete Palabras, ao Desencravo, a todas e cada unha das demais procesións que daquela existían (bastantes menos que na actualidade, certamente) e á Salve que poñía fin, entón coma hoxe, ao desfile dos “Caladiños”.

Meus irmaos son entusiastas levadores de pasos da Semana Santa: Uxi, confrade da Santa Cruz, participa no Vía Crucis de Mulleres, axuda a portar o paso da “Virxe da Esperanza” e está tamén na colla de “María ao Pé da Cruz” na procesión da Paixón, acompañada xa como aspirante pola miña sobriña Aldara, que tanto goza xa coa ilusión de vestirse de carapucho... Antón, pola



PREGONERO, AUTORIDADES Y COFRADES AL FINALIZAR EL ACTO DEL PREGÓN

Fotografía: José Miguel Soto

súa vez, leva moitos anos facendo parte da colla do “San Xoán” na procesión do Santo Enterro e, coas súas fillas Noa e Iria, miñas sobriñas, arrima tamén ombreiro no Encontro de Resurrección.

UN NENO NACIDO EN XOVES SANTO

Eu mesmo nacín (non sei se vale dicir premonitoriamente, pensando na tribuna que estou ocupando hoxe...), o día de Xoves Santo de 1967, 23 de marzo, nunha casa da rúa Margarita Pardo de Cela (antiga Bafuílla ou Espartero), onde meus pais vivían de alugueiro e onde existira a finais do século XIV, se non menten as fontes, unha *malatería* ou hospital baixo a advocación de María Magdalena... Aquel día a comadroua, Amparo, mentres atendía a miña nai Marisa, escoitou ao lonxe as cornetas daquela Banda de Flechas Navales fundada polo Axudante de Mariña Luís Cebreiro (a quen pola súa enorme corporeidade, émula da súa bondade persoal, alcumaron cariñosamente en Viveiro como *Tonelada*) e que tan ben historiada foi logo en diversos artigos por José Luís Moar Rivera. Como é ben sabido, o dito “*Aí veñen os Flechas, xa chega a procesión*” era xa un lugar común entre a multitude que agardaba, expectante, na Praza Maior, a poucos metros do domicilio onde se estaba producindo o meu eutócico parto... Fixo Amparo intención de baixar a ver pasar *in extremis* o paso da “Última Cea”, mais miña nai pediulle por favor que non marchase, que eu xa quería saír... E desta guisa nacín. En honor á idiosincrasia austera e cantábrica da nosa Semana Santa, hei de engadir que ninguén sentiu a tentación de confundir os berros que tivo que dar Marisa para nacerme co canto incipiente de ningunha saeta...

Aquel naipele que fun non tardou en medrar o suficiente para quedar impactado polas celebracións e o ambiente que cada ano envolvían a vila ao chegar a primavera e para sumarse á chamada “Semana Santa dos pícaros” na compañía de moitos outros nenos que vivían e xogaban nas rúas daquel Viveiro cun casco histórico poboado a rebentar e xa “invadido” polos *alumiñeiros* que comezaban a construír por aquel entón a factoría de San Cibrao.

Sen capacidade para escribir ou ilustrar graficamente unhas estampas evocadoras tan lindas como as que deitaron na revista *Pregón* de 2003 Francisco Javier Sampedro Costas e José Luís Moar Rivera, non deixo de lembrarme neno na compañía de Juancho e Andrés Gabeiras, Berna e Juanito Fernández Cajete, Pabli, Javi e Mario Mateos, Esteban e Osvaldo García Hermida [a este último enviólle desde aquí unha forte aperta forte nestas horas tristes de perda que lle tocou vivir], José Manuel Paleo, Manolo e Nani Mejuto, Pedro Esmorís, Modesto Fustes, Francisco Javier Martínez Prieto (*Basora*), Diego Bartolomé, *Tompi* Tarrío, Miguel Gómez do Sidorio e tantos outros que non me veñen agora aos puntos da pluma pero que alí estaban en medio da rúa Díaz Freixo, fronte á vella panadería de Gabeiras, cabo do solar onde estivera a casa natal de Luís Trelles e ao lado das ruínas da igrexa-convento que ideara o sacerdote José Pérez Barreiro e que nunca chegaría a ser, a pesar de estar financiada por un rico *indiano*... Por alí andaban en supervisión, co sorriso nos beizos véndonos tan atarefados, dando algún que outro consello ou idea e pensando na semente de futuro que aquilo podía representar, Juan Novo Pérez (*Juan da Mora*) e o chorado Suso Gabeiras...

Dedicabámonos entón a armar pasos e imaxes co que fose, a construír andas con madeiras desbotadas de calquera almacén ou das caixas de peixe deterioradas dos barcos, a facer anacos de sabas velladas para facer *capuchós* e esborranchar con rotulador sobre eles insignias, escudos e lábaros procesionais non homologados, de confrarías imaxinarias como aquela que, algo máis tarde da nosa época, desfilou baixo a

tenra denominación de “Los Amigos de Jesús”... Andabamos tamén daquela na angueira de improvisar cruces penitenciais de madeira, a facer tambores con latas de conserva ou co fondo redondo de cartón dalgúns envases de deterxente, a apañar restos e cabos de cirios polos rochos das respectivas casas, a tomar emprastadas (case sempre sen permiso, debo admitilo) bonecas velladas das nosas irmás para vestilas con retallos de tea, imitando nas cores e formas as vestiduras con que desfilaban os pasos auténticos. E non faltaba a bandexa para facer a petitoria, digamos que un “bótenolo maio...” do máis tradicional e viveirense, pero adaptado ás circunstancias e ás datas do calendario...

Debo dicir ademais que moitos dos meus compañeiros de aulas na E.X.B. no Colexio Pastor Díaz aparecen actualmente integrando e mesmo presidindo confrarías, colaborando coa revista *Pregón*, levando pasos, tirando preciosas fotografías, vivindo en primeira persoa, en fin, este ciclo da Semana Santa da nosa vila, renovado ano tras ano: José Veiga Golpe, Eduardo Lago Varela, Sonia Vispo Seoane, Marcos Suárez Fernández, José Manuel Paleo, Antonio Rivera Gueimunde, Suso Joven Franco, Miguel San Martín, *Tuto de Joseón*... Tamén algúns que dormen xa o soño dos xustos, como o xa citado Bernardo Fernández Cajete (*Berna*). As tardes de Venres Santo en que outro abnegado da Semana Santa viveirense, Ivo Fernández Vizoso, *Ivo de Tutitos*, viña pola casa tomar o café antes de que empezase todo o carrusel de actos da tarde e nos poñía ao tanto coa súa graza peculiar dos últimos acaementos que rodeaban ese ano as cerimoniais e desfiles son outro grato recordo persoal daquel tempo en que peiteábamos ben menos canas que hoxe...

Fun, algún tempo despois, aspirante da JU.FRA. (parece que aínda me vexo naquel local que tiña nos claustros de San Francisco ou subindo ao monte San Roque naquelas excursións para recollermos o musgo que logo se usaba no Belén da V.O.T.), e axiña tamén tarsicio e adorador nocturno, compartindo con meu pai noites de vixilia, rezo e contos na sancristía mentres agardábamos a nosa quenda correspondente. Véñenme á memoria, por iso mesmo, figuras xa ausentes de entre nós que fan parte do tesouro humano, espiritual e afectivo que adquirín nesa época e nese ámbito tan vinculado ás crenzas que sustenta a celebración da Semana Maior: Benigno da Auga, José M^a Rego, *Xixé Galdó (de Correos)*, Ángel Rodríguez (da Maestría), Justo Gómez Meitín (*do Sidorio*), Manuel Crespo Prieto (o *Tonis*), Anastasio de Xunqueira... Outras seguen felizmente vivas entre nós e deitan sobre min cada vez que teñen ocasión o mesmo aprecio, interese e cariño que xa me manifestaban entón: Gonzalo Couceiro (*Zalo*), Antonio Fernández Parapar (*Cubilote*), Luís Ferro, José M^a Cabarcos...

Durante os días previos de preparación do texto deste *pregón*, repasei, como non podía ser doutro xeito, a colección das revistas da Semana Santa de Viveiro que atesouro no meu arquivo —herdadas do meu pai moitas delas— e esa actividade deparoume ocasión de volver a contemplar moitas fotografías tiradas durante os actos e desfiles procesionais nas que aparecen de xeito casual as persoas por min máis queridas.

Entre a multitude, nalgunha fileira das velladas escaleiras do Cantón de Abaixo da Praza ou nun recanto calquera do adro de Santa María, xurdiron en varias desas fotografías as efixies dos meus benqueridos pais, unha veces sós, outras acompañados da avoa Consuelo, outras cos meus tíos Toño e Chicha, Paquita e Pepe, outras coas miñas sobriñas Noa e Iria, outras aínda acompañados por grandes e bos amigos seus como Lola e Antonio *Cubilote*, Amparo e Toño *Roxiño*, Manolo Barreiro e Fina, Tito Timiraos e Ifigenia...

Fecho os ollos e son capaz de adiviñar cal podía ser a ilusión “extra” que os estaba a embargar en cada unha desas ocasións, alén do gozo de contemplar a propia procesión. Querían talvez ver pasar axiña a Banda de Música, na que íría eu tocando o saxofón, experiencia fermosa e enriquecedora da miña primeira mocidade que non fun quen de manter logo, a diferenza do que con constancia e entusiasmo si fixo o meu primo Gonzalo Couceiro, disposto a tocar a trompeta durante bastantes anos máis con esas mesmas mauciñas que acotío recompoñen ósos nunha clínica coruñesa. Se cadra meus pais agardaban - é outra posibilidade -, ver pasar pola primeira vez a Antón e Uxi, clarinetistas os dous, tentando non perder o paso baixo a atenta ollada de Don Alfonso Mariño; ou poida que fose a primeira vez que Antón levasse o “San Xoán” ou que Uxi fixese outro tanto co paso de “María ao pé da Cruz”; ou simplemente querían saborear a beleza do novo estandarte da Confraría do Rosario, despois de ter compartido coas irmás Díaz Girón e co párroco Don Antonio García Mato (+1993) os prolegómenos apaixonados da súa confección e estrea; ou fixarse ben nos adornos florais das andas, para despois comentalos con satisfeita paixón con Mercedes de Marcos, con Saleta Couceiro e Yeny, con Mari Carmen Chipe, con Mario Gómez (*Marucho das Variedades*) ou con calquera das outras mil e unha persoas coas que se sentían en comunión espiritual e colectiva nesas xornadas, cabería dicir, con todo Viveiro...

Aínda que, por escrúpulos de coherencia, declinei entrar na Confraría do Nazareno dos de Fóra cando un dos seus fundadores, meu benquerido amigo Ricardo Timiraos Castro, me convidou a facelo, tiven logo ocasión de sentirme plenamente vinculado á Semana Santa grazas á miña faceta de colaborador literario da revista *Pregón*, na que tiven ocasión de publicar varios traballos.

A primeira vez, en 1996, fíxeno convidado por Pepita e Lolita Díaz Girón, que me escoitaran dicir nunha charla de presentación dun libro que todos éramos na cultura de Viveiro como humildes pedras da igrexa de Santa María: todas necesarias para manter o templo ergueito, solemne, firme e seguro, aínda que despois puidesen lucir unhas máis que outras. Gustoulles esa metáfora, coa que sigo hoxe plenamente identificado, e atrevínme a compoñer o artigo “A Semana Santa como tema literario”.

Como moitos recordaredes, un parágrafo dese traballo suscitou o enfado de José Luís Moar Rivera, quen enviou o artigo “O Emiliño” ao *Heraldo* de 12 de abril de 1996 por interpretar ofensivas unhas palabras que dediquei ao labor literario de seu pai, José Moar Vázquez. Confésovos que esas palabras miñas, aínda que escritas entón sen ningunha mala intención na medida en que querían só constituír un xuízo sobre o valor literario dunhas determinadas producións poéticas, agora que sei en carne propia o que é sentir a orfanda de dun pai, non as tería escrito hoxe así, non desa maneira. Reléoa agora e parécenme non malintencionadas, insisto, pero talvez si unha miga in-

delicadas pola miña parte, por innecesarias, por sobrantes. Non tiña que ter comparado ao poeta con ninguén, non tiña que ter emitido xuízo rebaixador ningún. Abondaba con traer a colación os poemas de “Jomova” e aplaudilos como os outros, pero seguramente me traizoou naquela altura da miña vida unha doutoral suficiencia propia da mocidade inmatura, ben próxima ao pecado de soberbia. ¿Estarei hoxe aquí no momento e no lugar adecuados para ofrecer unhas desculpas públicas que se cadra resultan extemporáneas? Síntome na obriga de dalas para borrar así o máis mínimo átomo de reticencia que poida aínda haber entre min e esa persoa e a súa familia, que valoro e admiro moi sinceramente.

En 2004 acudín de novo ás páxinas da revista *Pregón*, respondendo desa volta ao convite de José Luís Couceiro Ínsua, *Pipo*, directivo da Piedade e entusiasta proto-guía dese proto-museo da Semana Santa viveirense improvisado nos claustros de San Francisco que comezou a tomar forma co camerino destinado a exhibir o paso do “Bico de Xudas”... Escribín entón un traballo sobre “A poesía relixiosa do escritor viveirés Modesto Grandío Parapar (1889-1966)”, baseándome sobre todo no contido do seu libro *Crepuscular* (1934). Hoxe sei que a produción reunida nese volume non é máis que unha porción pequena, aínda que selecta, da abundantísima colleita de versos que Grandío deixou espallada nas planas do semanario *Heraldo de Viveiro* na súa primeira época e noutras cabeceiras xornalísticas e seguramente pague a pena xuntala e reunila algún día nun único volume que poida saír coa súa carga de beleza e amenidade ao encontro das novas xeracións de lectoras e lectoras.

En 2012 acheguei á revista da Semana Santa viveirense unha breve presentación da obra ata entón inédita *Lex Dei. Poema de Historia sagrada*, de Alfredo García Dóriga (1849-1911), composta por un total de 144 textos que constituían unha “biblia en verso”. Despois de encontrar o manuscrito en Nadal de 2011 entre os papeis que conservaba amorosamente alá no Valadouro a tataraneta do poeta, Silvia González Burgos, preparei a súa edición crítica e presenteilla á Xunta de Confrarías por se vía factible publicala baixo os seus auspicios. Tiven o privilexio de que aceptasen o proxecto e así fíxose unha edición de 1.000 exemplares sen ánimo de lucro, pois toda a recadación obtida coa súa venda destinouse a Cáritas e a Médicos Sen Fronteiras. O volume gañou moito do seu intrínseco valor coa capa e as ilustracións do daquela aínda incipiente promesa e hoxe xa grande artista consagrado David Catá, quen co patrocinio mecenático de Antonio Abril Abadín, regaláranos en 2017 esa magnífica e fermosa cúpula pintada da igrexa de San Cibrao de Vieiro.

Sen deixar de axudar minimamente coa miña sinatura de presunto intelectual ao dossier-memoria que se elaborou ao longo de 2012, co inmenso e competente esforzo de Rosario San Isidro Franco, para o recoñecemento como Festa de Interese Turístico Internacional da Semana Santa

viveirense, felizmente logrado ao ano seguinte (16 de abril de 2013), acheguei logo á revista *Pregón* de 2014 o artigo “Notas sobre a traxectoria do dominico viveirense Frei Modesto Franco Rey (1853-1918)”. Sobre este magnífico orador sagrado escribíanse no diario madrileño *La Época* (14-8-1891) parágrafos coma estes:

Es éste un orador á la moderna, culto, elocuente y de pensamientos profundos; persigue el vicio y lo fustiga donde quiera que lo encuentra, ya sea en las altas clases, ya en la media, ya en las humildes.

Pero en sus exhortaciones no es hombre que hiera ni se irrite, faltando á la santidad del púlpito, sino el sacerdote que atrae y conmueve, el apóstol que habla y evangeliza.

E finalmente, na revista *Pregón* de 2015 apareceu o meu traballo “Filgueira Valverde: un intelectual conservador, católico e galeguista que pregou a Semana Santa de Viveiro en 1976”. E así, coma quen non quere a cousa, chegoume en datas recentes o convite da Xunta de Confrarías para ser pregoeiro da Semana Santa da miña vila... Non puíden dicir que non e velaquí me tedes hoxe aquí, talvez aburríndovos, talvez comezando a consumir en exceso a vosa paciencia, talvez dicindo cousas sentidas que por iso mesmo non deixarán de ser pertinentes.

UNHA SEMANA SANTA VERDADEIRAMENTE POPULAR

O percorrido que acabo de facervos pola presenza, implicación e papel de diversos membros da miña familia e de min propio pola Semana Santa de Viveiro non constitúe unha excepción nin unha particularidade especial, senón máis ben a regra xeral. Sucesivas xeracións de numerosas familias viveirenses veñen (vindes, vimos) achegando, dun xeito ou doutro, o seu (vos, noso) humilde gran de area para que esta tradición, considerada un ben e un tesouro comunal, teña forza, esplendor, dignidade e continuidade.

Foi o poeta Noriega Varela (1869-1947) quen percibiu e plasmou literariamente esa especie de complementariedade de contrarios que se produce no espírito colectivo das xentes de Viveiro entre a participación nos ritos relixiosos da Semana Santa e o concurso entusiasta a todo tipo de festas e celebracións profanas. Decía o poeta *da montaña*, concretamente, que éramos unha “Vila alegre, vila pía”, que se dedicaba a repartir os seus fervores “entr’o incensario e o pandeiro: / vas pra monxa en Valdefrores / y-es bacante no Naseiro”, idea esta que retomaría o xornalista José Travieso Quelle (*Jotraque*), célebre autor de “Catro vellos mariñeiros”, situando a esencia comunal viveirense nunha alternancia permanente entre a “gaita” e o “incensario”.

Foi e é o seu carácter verdadeiramente popular (o “sabor de seglaría” ao que aludiu con humor Fernando Güemes no seu *Pregón* de 1999) o que lle ten outorgado a esta Semana Santa da vila do Landrove o carácter tan xenuíno, a singularidade tan acusada e a proxección tan potente que a rodea desde ben antigo. A de Viveiro é, efectivamente, unha Semana Santa que, como ten dito Ramón Pernas (*Pregón*, 2003), resulta “popular y participativa”. Unha Semana Santa na que destaca, como apuntou Jaime Pernas (*Pregón*, 2004) “el absoluto protagonismo del pueblo vivariense en su celebración” e que por iso mesmo resulta, en expresión que tomo de Eduardo Lorenzo Pigueiras (*Pregón* de 2005), auténtica “expresión colectiva de la identidad de este pueblo” ou, díxoo xa Javier Holguín (*Pregón*, 2010), “una ejemplar muestra de implicación popular”.

Todo temos na memoria, como simpático exemplo de ata que punto amou e ama o pobo de Viveiro a súa Semana Santa, aquel relato de Ramón Canosa sobre a figura de *Xerpín*, o argalleiro. O protagonista, Agustín, orixinario de Lugo, era unha persoa habilidosa reparando na súa tenda da antiga rúa Maldonado obxectos estragados, calando o papel de filigrana con que a Confraría da Piedade adornaba os cirios dedicados aos “monumentos” en Semana Santa ou deseñando os primeiros “cabezudos” que saíron nas festas patronais. Preguntado en certa ocasión sobre as súas crenzas relixiosas, falou así: “*Pois voucho dicir: Eu non creo en Dios. Eu namais creo nas procesións*”.

Outro bo exemplo da enorme ilusión que sempre esperou en Viveiro entre os máis miúdos a vivencia da Semana Maior proporcionánono Alfredo García Dóriga cando, evocando a súa coincidencia coa futura poeta Camelia Cociña Riveira na escola que rexentaba no desamortizado convento da Feira o mestre Isidro Sagastume, a mediados do s. XIX, aludía á súa infancia como aquela época en que los sueños más dorados de mi vida eran poder comprar santos de plomo que ostentaban en los escaparates de sus tiendas los comerciantes del pueblo don Juan Cotarelo y don Agustín Bottino (llamado éste así siendo Bottini, y conocido por “el francés” siendo italiano) y llevar una borla del estandarte en las procesiones de mi parroquia natal de Santiago.

Penso que é difícil negar que detrás desa querenza e identificación colectiva do Viveiro actual coa súa Semana Santa hai certa reminiscencia de pasados tempos de organización social gremial, o pouso dun Viveiro familiar, artesán, comerciante e mariñeiro que desenvolvía toda a súa actividade en rede, arredor dun marco xeográfico relativamente pequeno pero fundamentalmente humanizado e sentido como propio.

Probabelmente dese pasado artesanal da vila, con oficios que aínda perduran na denominación popular dalgunhas rúas como a da Zapatería, sequera sexa no subconsciente colectivo quedounos, penso eu, un gusto especial polas cousas ben feitas, polos acabados satisfactorios: gústanos que os desfiles procesionais teñan harmonía, orde, simetría e compás nas fileiras...; gústanos que se coiden ata os máis mínimos detalles nas andas e nos pasos; gústanos que remaches, adornos, estandartes, borlas, mantos e tantos outros elementos sexan en todo momento acordes coa magnificencia xeral que desexamos para as procesións...

Xunto a ese herdo dos que fabricaban manualmente os obxectos necesarios para o día a día tamén quero ver en certos detalles da nosa Semana Santa a pegada das estirpes mariñeiras, que durante séculos deron fonda identidade á vila e que perduran, en moitos sentidos, nese Celeiro porto punteiro que a todos nos enche de orgullo. E conste que non me refiro só a esa perenne preocupación climatolóxica propia de quen se xogaba literalmente a vida no seu oficio e tiña que coñecer perfectamente as evolucións de ventos e nubes antes de botar a chalana ao mar, preocupación que en Semana Santa derivou en angustia sobre se poderán saír ou non finalmente todas e cada unha das procesións e que parece fialo todo ao cumprimento do refrán: *Carnaval na casa, Semana Santa na praza*.

Escribiu Carlos Adrán unha vez (*Pregón*, 1992) que os púlpitos de madeira que hai en moitas igrexas, como o construído por Otero Gorrita para a de San Francisco en 1938, lembraban dalgún xeito a barca de Pedro desde a que predicaba Xesús... Ricardo Timiraos (*Pregón*, 1998) fantasiou co relato do desembarco de incógnito na nosa Semana Santa, encarnado nun mariñeiro do Grand Sole, do Santo Cristo de Noia...

Moncho Pernas [a quen felicitamos desde aquí por ese novo premio que acaba de recibir, novo motivo de satisfacción para todos os *letraferidos* de Vilaponte] tamén viu no paso dos Apóstolos saídos da gubia do carpinteiro de San Cibrao Xoán Sarmiento “una *traíña* que gobierna un patrón con doce tripulantes, con doce marineros” que emproa a entrada na Praza Maior como quen afronta o océano e imaxinou así mesmo a silueta da Santa Cruz navegando ría dentro nunha noite de galerna (*Pregón*, 1992).

Tirando dese fío comparativo, máis de unha vez tennos parecido que as andas dos pasos son, efectivamente, como vellos *traíños* que navegan entre a multitude congregada e ata as pértegas ou arquetas que os levadores portan para pousar de cando en vez o paso e descansar os ombreiros teñen adquirido aos nosos ollos frasquía de remos e de toletes... As procesións teñen, si, un non sei que de flota pacífica e benigna que cada Semana Santa zarpa, cruza diante dos nosos ollos en calquera punto dunhas rúas convertidas en mar aberto e que, cando se afasta xa de regreso ao seu porto, sexa San Francisco, sexa Santa María, axita ritmicamente un pano de despedidas pola popa... Metáforas da vida que pasa, do sucederse das xeracións convocadas pola tradición dun pobo que aínda ten asentadas as súas raíces máis puras na auga, na area e no salitre.

O ingrediente popular resulta absolutamente determinante para entender e, no meu caso tamén, para amar con toda a intensidade e desde a raíz esta poliédrica, rica e complexa Semana Santa de Viveiro. Se non fose, como é, unha manifestación sentida e articulada desde as entrañas por unha multitude anónima, plural e diversa de fillos e fillas da vila e de persoas que se achegan a ela desde calquera outra latitude; se non constituíse, alén dunha manifestación relixiosa resultado da entrega á fe en Deus de Confrarías e Irmandades, un pretexto ideal para o encontro comunal e solidario, para o reencontro familiar, para o regreso puntual “dos de fóra”, para a colaboración desinteresada e xenerosa nunha causa común, un emblema de identidade para tantos viveirenses, especialmente para aqueles que viven (vivimos) na diáspora; se non fose todo iso á vez e aínda máis cousas non se entendería o seu arraigo, as súas sucesivas rexeneracións ou renacementos ao longo dunha historia xa multiseccular, a súa capacidade de resistencia a proba de meteoroloxías, pandemias, contextos históricos adversos, conflitos internos e outras contrariedades varias.

A Semana Santa de Viveiro, convén que se subliñe, descansa sobre a colaboración e o traballo anónimo, gratuito e entusiasta de centos de mans facendo mil e unha tarefas, grandes ou pequenas, visíbeis ou invisíbeis, demoradas ou inmediatas,



LA FLAGELACIÓN o «CRISTO DE LA COLUMNA» (José Tena, 1908)

Fotografía: José Miguel Soto

para que todo estea a punto no seu debido momento e para que todo logo saia ben, de xeito que o inevitábel cansazo final estea non obstante cheo de satisfacción e de lexítimo orgullo. Son tantos os traballos previos que hai que facer! Cepillar, coser, lavar, pasar o ferro, desembalar, dar lustre, montar pasos, preparar fachóns, dispoñer as luces, reparar as andas, deseñar os ornamentos florais, ensaiar os ritmos e as músicas, preparar refrixerios reparadores para os integrantes das collas logo do esforzo... Dixérase que o pobo de Viveiro constitúe silandeiamente unha macro-compañía teatral “amateur” disposta a ocupar con entusiasmo o inmenso escenario das rúas para representar unha serie de pezas clásicas nas que case ningún novo ano falta algún elemento inédito, o que dota a representación de anovado interese e impide a sensación de *dejá vu*...

Retratou Ramón Pernas nalgunha ocasión (*Pregón*, 1993) todos estes prolegómenos imprescindíbeis e silentes da Semana Maior con estas xustas e encantadoras palabras:

Antes de Semana Santa, disponen las camareras de las vírgenes mantos y entredoses, se planchan con mimo los linos del día grande, repasan las monjas las estrellas con hilo de plata, y en el lábaro de terciopelo se desdibuja la huella de una lluvia traidora que dejó una cicatriz de primavera en el último abril de Santo Entierro.

Retoca el ebanista un anda, repinta el pintor la mano de San Juan, y el sacristán mayor pone a punto el secreto mecanismo que hace llorar a la Madre Dolorosa en la mañana del Encuentro. [...]. Pronto será Semana Santa, lo anuncian los loureiros del Chamorro, lo pregonan a coro costureras que ultiman obradores y estrenos infantiles para el Domingo de Ramos.

Recuentos de rasos y de capas, hachones y estandartes, purpurina para las corazas, el pecho de latón de los romanos. Salen de algún rincón oculto las arquetas, y se corta un bambú por las Junqueras para servir de cetro al buen Jesús de la columna eterna.

Nesta orde de cousas, fronte ás tentacións *patrimonializadas* que de cando en vez asoman nos discursos que, en público ou en privado, algunhas persoas ou sectores da sociedade poden verse tentadas a facer sobre *o ser* e *o deber ser* da nosa Semana Santa (que se debería converterse nunha celebración estrita e puramente relixiosa...; que se debería estar interdita a participación nela das persoas non practicantes ou non crentes...; que se o seu sentido debía ser a defensa de determinadas concepcións teolóxico-eclésiais...; que se debería servir para contrarrestar tales ou cales orientacións dos poderes públicos distintas ás preferencias que manifesten estas ou aquelas siglas; etc.), convén lembrar as sabias e atinadísimas palabras, que quero facer enteiramente miñas, do pregoeiro Antonio Abril Abadín cando sinalaba, en 2011:

Pero nuestra Semana Santa nos pertenece a todos, por encima de creencias y convicciones religiosas, porque los pueblos buscan razones que les permitan expresar su identidad colectiva, y nuestra Semana Mayor es la mejor muestra de nuestra razón de ser como pueblo, en su triple dimensión de vínculo desde el pasado, en el presente y hacia el futuro.

Todo o que vaia en detrimento desa noción ampla e integradora pon en risco o máis valioso da Semana Santa de Viveiro, que é o ser sentida e querida como cousa propia por veciños das máis diversas opinións, tendencias e pareceres. *Dar ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus* son palabras evanxélicas que se deben ter sempre moi presentes.

En sentido contrario, quero subliñar tamén aquí a admirábel dimensión solidaria e asistencial que preside moitas veces o labor das Confrarías, aínda que sexa un labor que non “loce” publicamente tanto como as procesións. Penso nos di-

ñeiros recadados en 1999 para axudar as vítimas do furacán Mitch ou nos enviados no seu día pola Confraría do Nazareno dos de Fóra para paliar a fame en Etiopía; no traballo daquel anaco de pan feito persoa chamado Manuel Expósito Suárez, da confraría do Rosario, para fortalecer a convivencia coa poboación de etnia xitana por medio da Asociación de Veciños de Covas “Xuntanza”; na colaboración constante con Cáritas Interparroquial, coa Residencia Betania, con ASPANANE e con outras entidades e ONG’s que prestan servizos de cuidados e asistencia social; na solidariedade coas vítimas dos terríbeis atentados do 11-M, en 2004; na cesión enteira para fins benéficos da recadación de certas actividades lúdicas (Certame “Cidade de Viveiro” de Bandas de Música), deportivas (partido do Viveiro C.F. contra o C. D. Lugo en 2017) ou culturais (edición en 2012 do Lex Dei de García Dóriga) promovidas desde a Xunta de Confrarías, etc.

Debo confesar que me emociona e me enche de orgullo polo meu pobo o feito de que o paso das “Negacións de San Pedro” na procesión do Prendemento sexa portado desde 2007 por unha colla de panchitos (inmigrantes peruanos que traballan como mariñeiros entre nós) preparados para desfilar no seu día polo chorado *Berna*. Ese feito constitúe un fermoso exemplo de coherencia cristiá, de fraterna acollida e integración nun tempo histórico en que certos sectores da sociedade, que mesmo se vanaglorian e dan golpes no peito como “verdaderos católicos españoles”, alentan noxentos discursos de odio, racismo xenofobia e discriminación. Haberá que lembrarllas que hai cento cincuenta, cen, setenta ou cincuenta anos atrás os *panchitos* europeos que percorríamos as rúas de Bos Aires, A Habana, Caracas, Montevideo, Noya York, Berna, Frankfort, Londres ou París á procura de traballo e de mellora para as familias éramos nós?

Mais volvendo ao rego principal do meu pregón, engadirei que un testemuño elocuente sobre este carácter auténticamente popular, plural, multixeracional, intrinsecamente aberto e diverso, xenuinamente fraterno e acolledor, etc. da Semana Santa de Viveiro témolo na serie de entrevistas que, co título de “Personajes de nuestra Semana Santa”, vén ofrecendo a revista *Pregón* desde 2010 da man de diversos xornalistas da redacción da delegación local do diario *La Voz de Galicia*, como a chorada Mar García, Miguel Sande, Yolanda García Ramos e, nas últimas entregas publicadas, Lucía Rey. No conxunto desas entrevistas con Xesús Fraga Balseiro (*Xanás*) (2010), Antonio Rivera (2011), Pura García Guerreiro (*Pura de Fanego*) (2012), Pepita Díaz Girón (2013), Pacola Sampedro Núñez (2014, filla de Carmen *da Varega* e de Silvino), Antonia Pérez Abadín (*Toñita do Cariñés*) (2015), Justo Gómez Meitín (*Justo do Sidorio*) (2016), Manuel José Paz Rivera (*Manolo Paz*), Antonio Tarrío Pérez (2018), Francisco Yáñez Pérez (*Pacucho*) (2019), Román Escourido Basanta (2020), Luís Ferro García (2021) e José Luís Moar Rivera (2022) transloce a enorme variedade de motivacións, perspectivas, roles, sentimentos, vivencias, emocións, maneiras de contribuír, etc., etc. que están detrás e explican esa implicación tan profunda, tan masiva e tan entusiasta coa Semana Santa de Viveiro de tantas persoas con orixes, oficios, procedencias, formación, extracción social e xeito de pensar tan diversos.

É ese un tesouro “cívico” e “identitario”, “comunal” ou “comunitario” se se prefire, que cómpre apreciar e mimar, pois constitúe xunto coa pátina que dan os séculos de tradición, o valor do conxunto de elementos patrimoniais e artísticos asociados ás celebracións e o rosario de actividades culturais coas que se acompañan e complementan os solemnes actos deses días, a verdadeira chave de bóveda que explica por que unha vila relativamente pequena como a nosa foi

quen de poñer en pé un evento de tanta potencia, intensidade, profundidade e beleza.

Os escenarios físicos, paisaxísticos e urbanos de Viveiro contribúen poderosamente a ese carácter austero, contido, solemne da nosa Semana Santa, non cabe dúbida. A traza urbana da vila, coas súas rúas estreitas e pinas, cos seus relativamente pequenos espazos abertos (a Praza Maior, o adro de Santa María...), coa monumentalidade dalgúns edificios e construcións e coa beleza de balconadas, galerías e outros elementos decorativos das vivendas con máis soleira multiplican a beleza e a intensidade emocional dos desfiles, realzan a proximidade física e afectiva dos pasos e das escenas que de maneira tan vívida retratan, amplifican os redobres do tambor, as notas das marchas procesionais, o calcar rítmico dos levadores, os rezos musitados.

A pesar de que hai un pobo enteiro botado á rúa, como espectador ou como actor, sóboase case sempre e sábese en todo caso hoxe máis que nunca manter os desfiles, as cerimoniais e os actos litúrxicos dentro das marxes da solemnidade, da seriedade respectuosa, do recollemento e da concentración. Esa consciencia sobre a importancia e seriedade do que se ten entre mans, tratándose da nosa Semana Santa, está ben documentada literariamente.

Na revista *Pregón* de 1947, o boticario e confrade da Piedade José Pla Zubiri, autor da entrada dedicada á nosa vila no tomo LXIX da Enciclopedia Espasa-Calpe (1930), salientaba que as procesións celebrábanse “lentas de unción, de recogimiento y tradicional compostura”, mesturando sabiamente “lo nuevo y lo viejo fundidos” e que por iso mesmo aquelas alcanzaban “caracteres excepcionales”. Nunha liña semellante, Fernando Pérez-Barreiro Nolla (1931-2010), no seu libro memorialístico *Amada liberdade* (Eds. Xerais, 2013: 44), evocaba as visitas que realizaba na posguerra a seu tío o presbítero e moitos anos capelán das Concepcionistas José Pérez Barreiro e poñía en contraste a Semana Santa que coñecía da súa cidade natal “moi oficial, con desfile de tropas e procesión do Santo Enterro, todo moi frío emocionalmente e sen case ningún fervor popular” coa que se celebraba ás beiras do Landrove, á que aludía nestes termos: “En Viveiro, en cambio, había tradición e, por iso mesmo, orixinalidade. Desenvolviase todo o drama da Paixón cunha plasticidade e teatralidade impresionantes”. E o sacerdote Enrique Chao Espina, que foi cronista oficial de Viveiro, publicaba na revista *Vida Gallega* (nº 733) un artigo ao que pertence este significativo parágrafo referido á súa vivencia do *vía crucis* de homes do Mércores Santo:

[...] El canto penitencial de las voces varoniles; el recogimiento y profundo silencio del pueblo cuando se medita en la estación; la iluminación que avanza abriendo camino en la penumbra de la noche encajonada en callejuela, hacen vivir y soñar con el medioevo, con algo que nos lleva a los barrios de Jerusalén y que jamás he sentido en parte alguna.

Na Semana Santa viveirense, o popular dotou de significantes e de significados propios todo aquilo que, doutro xeito, podería ter acabado sendo clónica e inane reprodución mimetizada de tantas outras celebracións semellantes que teñen lugar nas mesmas datas no resto de Galiza, no resto de España e en moitos outros lugares do orbe. Paga a pena por iso lembrar, por premonitorio e acertado, o consello ou opinión que deitara nunha das súas colaboracións na revista *Pregón* (1993) a lembrada xornalista Mar García:

Esta Semana Santa, sin entrar en comparaciones, no puede perder su esencia. Y no hablo de la religiosa [...]; hablo de su sentido artístico, de esos pasos sencillos y sin grandes oropeles, de su propia raíz, tan distinta a la del sur pero no menos emotiva.

Sendo “espectáculo”, “teatralidade”, “representación” na ágora pública ou dentro do templo, efectivamente, a Semana Santa de Viveiro non pode nin debe ter como norte principal a “espectacularidade”, senón a “autenticidade”. Procurar ese equilibrio entre o atractivo externo e o emotivo interno non sempre é doado. Por iso sobre ela pende decote, ano tras ano, en palabras do sacerdote Leoncio Pía Martínez (*Pregón*, 1993), o risco de caer en “frívolas añadiduras que pudieran desvirtuar su profundo contenido y la seriedad y rigor de su mensaje”. Risco da banalización, si, de a converter nun mero escaparate / pasatempo para turistas e visitantes ocasionais, de a considerar mellor canto máis “luxosa” resulte a súa aparencia, de caer na tentación de ceder aos cantos de serea da mercantilización, a procura de *likes* nas redes, cando a súa razón última de ser estriba nos territorios da tarefa comunal gratuíta compartida e nos da autenticidade vivencial dos individuos.

Algunhas novidades espontáneas, froito máis da entrega entusiasta dos participantes nas procesións ou da calor admirativa dos espectadores que do fervor devocional propiamente dito (levantar a pulso as andas dos pasos á altura da cabeza dos levadores, bailar o paso ata os límites da correcta coordinación, conducilos en marcha inversa cara atrás, aplaudir a entrada na praza maior ou o pasar pola rúa dalgúnhas imaxes polo ben levadas que van...), están a arraigar duns anos a esta parte. Talvez o que se poida perder por iso en “recollemento” gáñase en expresión sincera e espontánea de adhesión cordial, de conexión do público coa recreación procesional da paixón e morte dunha figura que, pola súa mensaxe, nunca deixará a ninguén indiferente. Non é mal síntoma, visto desde este punto de vista, que outras novidades experimentadas algunha vez, como a colocación estratéxica de grandes fotografías en balcóns e edificios emblemáticos durante a Semana Santa de 2006 non acabasen de callar e fosen logo sabiamente reconducidas, en edicións posteriores, cara aos terreos da exposición artística complementaria, cos títulos de “Os nosos rostros” e “Imaxes de imaxes”.

A Tamborrada do Luns Santo véñse celebrando entre nós desde 2005 e resulta un evento cla-

ramente “importado” do rito de “romper a hora” da Semana Santa de Calanda (Teruel). Tanto Fausto Galdo coma Manuel Crespo Prieto (*Tonis*) pediron en artigos da revista Pregón, e talvez cumpra darlle unha volta á idea por parte da Xunta de Confrarías para ver como encaixala, que se recuperasen para esa cita rítmico-musical das bandas de tambores que interveñen nas procesións aquelas vellas carracas, matracas, martabelas e roncóns que antigamente facían soar os cativos durante o Oficio de Tebras e que foron evocadas tanto por Lois Tobío como por Ramón Canosa.

Sexa como for, ao final e dun xeito ou doutro, como escribiu graficamente Fernando Güemes, “el pueblo se echa a la calle y se mete debajo de las andas” e daquela toda a trama urbana de Viveiro, como ten apuntado o prezado sacerdote Román Escourido, transfórmase nun “santuario”, que, dito sexa cos versos casteláns da nosa Luz Pozo Garza, “parece / sentir ternura de huerto”. Deixou escrito Gerino Núñez (*Pregón*, 1966), no mesmo sentido, que

Aquí siguen viviendo entre nosotros, sostenidas por el cariño y la fe, las mismas cosas ante las que, de niños, nos regocijábamos o nos entristecíamos: Judas con su bolsa de terciopelo, la rígida figura del Cristo del Desenclavo, la silenciosa conversación de los Apóstoles que, lobos de mar de San Ciprián, hablan interminablemente, la lacerada figura de la Virgen Dolorosa que ha de quedar en nuestros corazones, pasando entre la estremecida multitud, como una representación y un símbolo indeleble del sufrimiento.

UN RICO ANECDOTARIO

A auréola de autenticidade certa venlle á Semana Santa de Viveiro de moitas fontes. A participación multitudinaria,

é unha delas. O desinterese na realización de innúmeras pequenas tarefas preparatorias das procesións e doutras cerimonias é outra. O rico e non poucas veces simpático anecdotario que xorde ao longo dos tempos arredor dela contribúe tamén poderosamente a facela parte do folclore viveirense, na acepción máis nobre dese concepto. Permitídemme, por iso, a breve glosa de varias anécdotas, relacionadas co “Encontro”, co “Desenclavo” e co “Santo Enterro”, respectivamente.

O meu admirado mestre Lois Tobío, no seu libro de memorias *As décadas de T.L.* (1994, pp. 39-40), deixou consignada unha fermosa descrición dunha das cerimonias nas que reside, en opinión de moitos entre os que me inclúo, un dos momentos máis auténticos, especiais, intensos e emotivos de toda a nosa Semana Santa, o “Encontro”. Mais o que non podía saber entón Tobío é que anos despois había de se producir entre un dos frades predicadores e un dos veciños que asistían na Praza ao evento esta especie de diálogo “en diferido” a propósito das vexacións e torturas ás que foi sometido Cristo cando foi detido e conducido á presenza de Poncio Pilatos. O predicador ía glosando de xeito patético e conmovedor unha por unha cada unha desas torturas e o veciño prestaba en voz audíble o seu asentimento, cun resultado que os que o presenciaron contan ía soando máis ou menos así: — “Le azotaron” — “Bien”; — “Le coronaron de espinas” — “Ben feito”; — “Le pusieron por cetro una caña” — “Correcto”; e así seguido, ata que o frade indicou: — “Y le escupieron”... Nese instante, preso da máis xusticeira ira, aquel veciño viveirense exclamou: — “Alto ahí! Eso non se ñe fai a un home!”.

Causou moita polémica en 1889 o sermón pronunciado na Semana Santa de Viveiro polo entón profesor do Semina-



ENTRADA TRIUNFAL DE JESÚS EN JERUSALÉN O «LA BORRIQUITA» (José Rivas, 1948)

Fotografía: Andrés Basanta

rio mindoniense Antonio Fernández. Ás críticas que contra el lanzou *El Eco de Viveiro* sumouse o xornal lugués *El Regional* (1-5-1889) e o aludido contestou recomendando ao semanario de Moas Cotilla e Noya González: “Y tú, periodiquillo, cumple tu misión, revuélcate á tu gusto en la materia para que has sido creado, y no quieras elevarlo á regiones desconocidas, que no te pertenecen, ni sabes dar un pase por ellas, sin hacer plancha, y te van á llamar, el periódico planchado”.

Por outra banda, o paso coñecido popularmente como “Cristo da cana” deu pé á seguinte anécdota, contada no seu día por Modesto Pérez (*Pregón*, 1991): un dos animadores do quincenal republicano-socialista editado na nosa vila entre 1906-1910 co nome de *Germinal*, Pepe de Grandío, dixo cando decidiu non xogar máis a partida, sentíndose demasiado vello xa para iso: “Sempre perdo. Agora só vallo para xogar co Nazareno da Cana, porque ten as dúas maus atadas”.

Ademais, nun dos seus moitos traballos xornalísticos sobre Viveiro *Jotraque* evocaba, referíndose ao “Encontro”, o papel organizador que nel desempeñaba o señor *Xanás*, cuxas voces resuenan a veces con máis decibelios que las del predicador:

—A Magdalena aquí, o Santo Cristo alá...

Corre por Viveiro la anécdota que cierto día, Xuxo de Xanás, al final de uno de estos actos piadosos, pasó factura de gastos a la hermandad organizadora, donde figuraban los siguientes apartados:

- Por dos lechugas para los Santos Apóstoles, 30 pesetas.
- Por hacer caer a Jesucristo en la Plaza, 60 pesetas.
- Por hacer llorar a la Virgen, otras 60 pesetas.

Outra anécdota curiosa do “Encontro” aconteceu, en fin, en 1983. Nese ano, o frade ponferradino Leonardo Fernández Sánchez, tras predicar a primeira parte do acto na Praza, foi tomar un café ao Bossa Nova e, compracido coa caloríña do local e cos churros, demorou de máis, de maneira que a procesión agardou infrutuosamente por el durante bastante tempo no adro de Santa María... Vista a situación, alguén lle dixo ao presbítero Manuel Crespo Prieto (o *Tonis*) que subise ao púlpito e improvisase a prédica e mailas tradicionais bendicións. Son testemuña directa de que o daquela profesor meu de Filosofía no instituto fixo entón ese papel de marabilla e de que poucas veces as bendicións do Encontro foron pronunciadas con tanto sentimento... e con tantos nervios!

Sobre o “Desencravo” ou “Descendemento”, outra das cerimonias de máis avoengo da nosa Semana Santa e que reúne no seu aparato escénico e oratorio, en palabras de XyZ (José Pérez Barreiro), ingredientes propios dun “auto sacramental calderoniano” (*Pregón*, 1952), tenme contado moitas veces meu pai que durante a posguerra cadroulle ao mesmo frade actuar como predicador varios anos seguidos. As súas imaxes e expresións repetíanse por iso mesmo con irremediábel exactitude, ata o punto de que moitos dos asistentes habituais, a forza de escoitar ano tras ano o

mesmo sermón, acabaron memorizando anacos enteiros do mesmo. Entre eses anacos destacaba sobre maneira, seguramente pola impresión que causaba a virulenta escena que nel se retrataba, o fragmento en que o frade bramaba, recitando a pasaxe do Novo Testamento de Mateo 18:9: “Si tu ojo derecho te escandaliza, arráncatelo y tíralo lejos de ti, porque más te vale entrar tuerto en la Vida que con dos ojos ser arrojado al fuego del infierno”. O detalle é que a partir da segunda vez que o tal frade predicou, aqueles veciños que chegaban polo motivo que fose con algunha demora ao acto que se desenvolvía no adro de Santa María preguntaban para situarse canto se perderan ou canto restaba da peroración: “*Que? Xa arrancou o ollo?*”.

O escritor Fernando Pérez-Barreiro Nolla, fillo de Fernando Pérez Barreiro, retratou no seu libro memorialístico *Amada liberdade* (2013: 44) outra simpática anécdota relacionada con esta mesma cerimonia:

No Desencravo, dous sacerdotes desencravan o crucificado con ferramentas de prata e logo levábanllo á Virxe, imaxe movíbel, que entón enxugaba as bágoas cun pano de encaixe. O predicador comentaba o que ía sucedendo, e un deles, na miña memoria, en mestura moi verosímil de lingua oficial e vernácula, exhortaba aos desencravadores dicindo: “*Petar amodo, amodito, que no lo oiga su madre*”.

Cómpre lembrar, en fin, que era a do “Descendemento” unha cerimonia que algunhas familias de Viveiro de comezos do século XX encontraban excesivamente tétrica e morbosa, talvez pola propia índole estética do Cristo empregado para a representación, de maneira que privaban aos máis pequenos da casa de acudir a ela [Tobío confesa nas súas memorias que el foi un deses nenos a quen seu pai, devoto terciario franciscano por outra parte, nunca quixo levar a ver o Desencravo].

E unha anécdota máis antes de encarar a parte final do meu pregón, esta volta relativa á procesión do Santo Enterro. Como é ben sabido, foi precisamente esta a primeira procesión en que se introduciron, concretamente no ano 1913, os *capirotos* ou carapuchos, importados da Semana Santa que gozaba daquela de maior proxección na prensa de toda España, a sevillana. Ramón Canosa (1895-1972), na súa estampa “Aquella Semana Santa...”, contou que fora el un dos mozos elixidos polo clérigo Manuel Fernández Cao (*Manuel de Eduardo*) para portar ese elemento, mais a vergoña que sentiu sendo protagonista desa inédita novidade fixo que tentase por todos os medios non ser recoñecido polos seus veciños, de maneira que mentres desfilaba fechaba os ollos, tropezaba, rompía a fila, virábase de costas cada e pouco, etc. O seu desfilado foi tan defectuoso que no remate da procesión o citado cura, profundamente enfadado, achegouse ata el, propinoulle unha forte labazada no papo da cara e díxolle: “*Toma, pra que te acordes do Santo Enterro...!*”.

Postos a rememorar costumes e tradicións populares vinculadas á Semana Santa de Viveiro

deberíamos facer referencia á queima das follas dos ramos de loureiro bendicidos o Domingo de Ramos cando hai temporal ou treboada, ou do mesmo xeito á colocación das palmas nos balcóns como adorno. Falando de balcóns era e segue sendo costume moi arraigado tocar con delicadeza e lixeiramente desde os balcóns algúns dos pasos procesionais, como quen molla os dedos na pía da auga bendita ou como quen da unha caricia tenra. Fíxeno eu de neno moitas veces co Cristo da Agonía no seu paso pola Fontenova, desde o balcón da casa en que vivían entón Mercedes de Marcos e Justo do Sidorio, padriños de meus irmaos e hai unha preciosa foto de meu vello amigo José Manuel Paleo na revista *Pregón* de 2007 que testemuña ese precioso hábito consuetudinario, expresión sinxela e popular dun vínculo que, de tan sublime, case non se pode explicar con palabras.

Acudir en familia a visitar os “monumentos” nos distintos templos e deixar un cirio neles perfectamente identificado cunha vitola ou tiriña de papel, para logo recollelo bendito, foi noutro unha das tradicións máis multitudinarias da nosa Semana Santa. Tobío evocouna así nas *Décadas* (p. 40):

[...] o Xoves Santo os meus pais, ela de negro e con mantilla e un gran rosario de acibeche e el de levita e chisteira, ían visitar os Monumentos para un dos cuais, o de San Francisco, enviáran, coma todos, unha vela de cera cunha tiriña de papel co seu nome pegado nela para despois recoller o cabo que podía ter logo importantes usos se había treboada ou se había que recibir o viático.

E Fausto Galdo fixo o propio na revista *Pregón* en 1991:

Entre los recuerdos de la Semana Santa de Viveiro uno que conservo muy vivo es la visita a los “Monumentos”. La ronda a las iglesias en familia donde era necesario rezar un padrenuestro para ganar la indulgencia ante los altares provisionales donde se guardaba el “Santísimo” y que se situaban ligeramente apartados del sagrario habitual, que permanecía solitario y abierto; las velas y las flores contrastaban en luz y colorido con el resto de la iglesia oscura, con las imágenes cubiertas de morado y con el ruido sordo de los golpes para la colocación de los pasos en las andas.

Na intensa vivencia da Semana Santa de Viveiro non só intervén a dimensión relixiosa e espiritual, loxicamente a predominante, senón outras que a complementan e reforzan, totalmente apegadas ao que poderíamos chamar unha “intimidade non transcendente”, por veces case puramente sensitiva. Convidovos neste sentido a reler os traballos que sobre os sons e os recendos asociados a ela publicou na revista *Pregón* o noso chorado amigo e mestre Fausto Galdo Fernández ou o fermoso poema de Dolores Fernández Basanta titulado “Escucha”, que apareceu na citada revista en 2013.

Non se pode ignorar tampouco que ata no aspecto gastronómico hai tamén unha Semana Santa de Viveiro por descubrir e que renova todos os anos a súa tradición inmemorial preparando bacallau, tortillas, empanadas de bonito, pasteles, pan dos apóstolos, amendoados, biscoitos albardados e esponxados das monxas, tortas colinetas e outros pasteis con cabelo de anxo (azucres e polpa de cabaza de cidra)... O xa citado Fausto Galdo na revista *Pregón* de 2003 e o meu bo amigo Lucas Requejo na de 2020 deron conta desta faceta culinaria que acrecenta a personalidade orixinal da Semana Maior entre nós.

Aínda quixera engadir máis unha reflexión sobre o grao de compenetración, se así pode dicirse, entre Semana Santa e pobo de Viveiro. Refírome á influencia que aquela exerce sobre unha porción do léxico e da fraseoloxía que empre-

gamos habitualmente sen case decatarnos da raíz relixiosa, mesmo *semanasanteira* directamente, da súa orixe.

Na revista *Pregón* de 2010 publicouse un “Vocabulario típico da Semana Santa”, un traballo moi xeitoso, por máis que apareza na súa introdución a máis que discutible afirmación de que, de todas as palabras recollidas, “en gallego salvo unas pocas las demás no existen”. En realidade, no dicionario en liña da Real Academia Galega están recollidas as voces equivalentes na nosa lingua para todas e cada unha desas pezas léxicas: o *hachón* é un *facho*, o *capirote* é o *caparuchu* ou *caparuzo* e tanto en galego como en castelán dicimos co mesmo significado voces como *arqueta*, *colla*, *cíngulo* ou *lábaro*.

Mais o que me interesa subliñar é esa enorme cantidade de verbas e expresións presentes na fala popular de Viveiro que teñen relación co fenómeno relixioso e coa propia celebración que hoxe aquí nos convoca. Escoltade, se non: *Acabarlle coa paciencia a un santo*; *Ter máis paciencia que un santo*; *Aburrir / tolear a un santo*; *Andar levado do demo*; *Baixar os santos todos do ceo*; *Facer algo de Pascuas en Ramos*; *Írselle a un o santo ao ceo*; *Estar/quedar limpo como unha patena*; *Non andar moi católico*; *Non comulgar con algo ou alguén*; *Non comulgar con rodas de muíño*; *Non saber da misa a medias*; *Poñerse coma un bispo*; *Quedar como un cura*; *Vivir como un cura*; *Quedar para vestir santos*; *Santo gañado, santo gastado*; *Ser un boi de Belén*; *Contarlle a alguén a Biblia en verso*; *Ser devoto da Virxe do puño*; *Ser malo coma o demo*; *Ser sancristán antes ca cura*; *Arrimar o ombro*; *Levar o paso cambiado*; *Darlle ó beo*; *Dar a matraca...*

Da Semana Santa de Viveiro naceron directamente estas tres expresións: “*Que traballen os romanos que teñen o peito de lata*”; a tradución cómica do estandarte da cohorte romana que desfila no Santo Enterro, que interpretou as iniciais S.P.Q.R. como “Sempre Pedindo Que Recemos” e a célebre frase que usou o xastre e irmao maior da V.O.T. Robustiano Iglesias Piñeiro nunha das súas moitas e célebres *agarradas* co cura párroco de San Francisco Manuel Rouco, que chegaron a deixar sen procesións a Semana Santa viveirense a finais do século XIX durante varios anos: *Quen manda..., manda!*

Non quero deixar de evocar, en fin, algunhas das oracións populares en galego que recolleu José Antonio Parga Sanjurjo na Terra de Viveiro e publicou logo no *Boletín da Real Academia Galega*, concretamente en agosto de 1912. A primeira, que escoitei eu recitar nos labios da miña queridísima avoa Consuelo, di así:

Con Dios me deito, con Dios me levanto,
coa Virxe María e co Espírito Santo:
C’o seu manto de color, non terei medo nin temor
a cousa que deste mundo for, se non á Dios Noso Señor.

E a segunda é un peculiar “Nosos Pai”, recollido tamén con algunhas variantes por Federico Maciñeira en Terras de Ortegá, que di así:

Padre noso pequeniño,
lévame por bo camiño.
Aló fun, aló cheguei,
tres Marías atopei
preguntando por Jesús.
Jesús estaba na cruz.
E na cruz e no altar
cos peños a sangrar
chamando por Magdalena
que llos viñese a limpar
-Tente, tente Magdalena,
non mos veñas magoar

que estes son traballiños
[que estas son as cinco chagas]
que por ti hei de pasar,
por ti e por todo o mundo
e por toda a cristiandá,
pequeñinos e grandíños
tódol-os hei de salvar.
O que esta oración dixer
tódol-os viernes do ano,
saca unha alma das penas,
a súa de un gran pecado.
O que a sabe e non a di,
o que a oe e no-a depende,
o día do gran xuicio
verá que conta lle penden

UN CRUXOL DE CULTURA, MÚSICA E ARTE

A referencia a estas creacións literarias da devoción popular de Viveiro permíteme enlazar, xa enfilando o final deste meu pregón, con outra das cuestións que me parecen relevantes en calquera achega ao fenómeno da nosa Semana Santa, pois ao lado desa dimensión popular que acabo de repasar presenta outra igualmente importante e enriquecedora: a de ser continente e ao mesmo tempo espazo xerador de múltiples manifestacións culturais de todo tipo: artísticas, artesanais, musicais, literarias... Non debo cansarvos hoxe cun relatorio pormenorizado sobre esta vertente da nosa Semana Santa, pero quero lembrar que xa en 1974 Ramón Otero Pedrayo a subliñaba debidamente no seu *Pregón*, cando indicaba:

Eu felicito desde o cumio ou desde o fondo dos meus moitos anos, da miña vella experiencia galega, felicito de todo corazón a esta nobre e insigne cidade de Viveiro por conservar estas representacións, que son proba non soamente dunha profunda fe relixiosa, senón tamén dun grande sentimento artístico. Porque elas deben ser coñecidas e aplaudidas en todo o mundo.

